



CIRCULAR: 37/2023, INFORMACIÓN SOLICITUDE DE ORGANIZACIÓN DE PROBAS DE COPA E CAMPIONATOS DE MARCHA NÓRDICA DA FGM: PRAZO PARA SOLICITAR A INCLUSIÓN OU HOMOLOGACIÓN DE PROBAS PARA O ANO 2024.

A Federación Galega de Montañismo informa aos clubs galegos de montañismo que está aberto o prazo, **ata o día 30 de novembro de 2023**, para solicitar a inclusión de probas de Marcha Nórdica no calendario oficial co obxecto de formar parte da Copa Galega ou Campionatos 2024. O calendario máximo prevista constará de 4 probas de Copa e dous campionatos, un individual e outro por equipos. No caso de non haber probas suficientes poderanse xuntar nun mesmo evento varias das probas (Campionato + Copa,) no caso de que non existisen propostas suficientes a propia federación poderá organizar algunha proba.

O anexo I desta circular deberá remitirse cuberto ao correo secretaria@fedgalmon.gal, así como un arquivo co track do circuito proposto no caso de ser novo ou modificar o xa existente. No caso de non dispor de track mapa co percorrido proposto. Valorarase a aportación dun pequeno dossier da proposta de proba.

No caso de estar interesado e ser a primeira vez que se organice unha proba de MN poderase contactar coa Vogalía de Marcha Nórdica que prestará a súa colaboración da proposta de proba.

Os criterios de unificación na organización de probas do calendario de MARCHA NÓRDICA son os seguintes:

Estas normas nacen ca idea de que todas as probas deportivas de Marcha Nórdica, que nalgún momento formen parte do calendario da FGM, ben como probas de Copa ou Campionatos, sigan os mesmos criterios.

1. Os regulamentos particulares deben adecuarse ao regulamento en vigor de Marcha Nórdica, non podendo entrar en conflito con este último. No caso de organizar simultaneamente outra ou outras probas “Open” o regulamento deberá ser comunicado con antelación á FGM para a súa avaliación.
2. As categorías que a organización vaia a premiar, deben coincidir cas existentes no regulamento de Marcha Nórdica da FGM.
3. O cartel da proba, debe conter certos aspectos distintivos:
 - Número de proba dentro do calendario co nome completo establecido. Exemplo: **IV Proba da Copa Xunta de Galicia de MARCHA NÓRDICA “Cidade de xxxx”**
 - Levar os logos oficiais establecidos: FGM, Deporte Galego, Xunta de Galicia cartel debe ser coñecido pola vogalía de Marcha Nórdica da FGM antes de facelo público, para evitar modificacións.
4. Os percorridos (previamente autorizados) non deben sufrir variacións que os modifiquen de maneira importante co homologado. Con antelación, se formará un grupo de traballo co director da proba, árbitro principal e delegado para a proba da FGM onde se solicitará a información que se precise para a realización da súa labor.
5. Antes da apertura de inscricións se terá listo o boletín da proba coa información relevante para os deportistas. Dende a vogalía da FGM se facilitará un modelo ou plantilla e se prestará colaboración para a súa elaboración.



6. Ningunha proba debe levarse adiante sen as medidas de seguridade precisas, e entre elas destacar a presenza dunha ambulancia de soporte vital básico + médico.

7. Se na proba existen categorías para menores de idade, será obrigatorio presentar autorización dos pais ou titores legais, para poder retirar dorsal (dispoñible na web de inscrición) e na páxina web da FGM.

8. Os organizadores deben contar con persoas voluntarias suficientes, para desenvolver con normalidade a proba.

9. Se o percorrido pode verse afectado por algunha incidencia climatolóxica, debe contar cun itinerario alternativo que evite na medida do posible a súa cancelación.

10. O peche de inscricións será como mínimo 6 días antes da proba, enviando a continuación o listado de inscritos a dirección de correo: marchanórdica@fedgalmon.gal. Dende a federación se marcará unha empresa cronometradora recomendada, no caso de optar por outra empresa esta deberá transferir os datos da proba segundo o modelo que se estableza.

11. Na entrega de dorsais, todos e todas as participantes, estarán obrigados a identificarse (DNI, pasaporte, carné de conducir) mais a licenza federativa. É importante que isto está reflexado no regulamento da proba, evitando posibles discusións nesta entrega con algún participante.

12. A idade a ter en conta para todos e todas as participantes, será a 31 de decembro do ano en curso, como reflexa o Regulamento de Marcha Nórdica da FGM.

13. Persoal de organización

A organización deberá cubrir as seguintes funcións (sempre que non existan modificacións explícitas no contrato asinado entre esta e a FGM):

- Organización pre-competición
 - Administración
 - Controis
 - Trazado do itinerario e da zona de penalización (se a houbese), marcaxe e equipamentos do mesmo.
 - Información meteorolóxica
 - Equipamentos das zonas de saída e chegada
 - Mapa co itinerario trazado e perfil do mesmo
 - Garantir unha difusión da proba 60 días antes da celebración da mesma, mediante páxina web con toda a información relativa á competición, incluíndo inscricións, itinerario, aloxamentos, etc...
- Recibir e rexistrar a todas as persoas acreditadas para a competición (deportistas, técnicos e técnicas, acodes acompañantes, persoal técnico da FGM, prensa, etc.).
- Rexistrar e controlar o acceso ás zonas de saída, chegada e zonas restrinxidas acatando as indicacións realizadas polas persoas encargadas da supervisión.
- Toma tempos nos controis de paso e os de chegada.
- Velar pola seguridade en todo o itinerario de competición.
- Dispor de dúas persoas voluntarias que se encarguen de xestionar a zona de penalización, se fose necesario.
- Asistir ás e os deportistas que abandonen a competición.
- Ofrecer servizos para o equipo de supervisión, prensa e medios de comunicación.
- Organizar xunto co delegado da FGM a entrega de premios.
- Organizar a reunión técnica pre-competición (Briefing)



- Colaborar co equipo de supervisión en todo o necesario.

14. Requerimentos do equipo de supervisión:

- A organización da proba preverá un Control de peche de proba (Equipo escoba).
- Como mínimo os últimos 50 m. deberán de estar balizados facilmente identificable, co fin de evitar o cruzamento de persoas desta zona.
- O circuito, estará montado completamente, o mais tardar as 8:00 AM do día da proba.
- Existirán papeleiras no punto de avituallamento e a 40 m despois do mesmo, deixando os 10 últimos metros para que os competidores poidan abrochase as dragoneras.
- Un ciclista para marcar a cabeza de carreira, primeiro home, e unha ciclista, primeira muller.
- Unha pizarra branca, min 2x1 metros con soporte e elementos de escritura negros e borrador, sitúase 25 m antes da entrada do Stop&Go e precisará 2 voluntari@s que estarán a las 9.00 h del día da proba no STOP&GO sen outras atribucións.
- Mesa, dúas cadeiras e toma de electricidade, para arbitraje de mesa en entrada ao Stop&Go.
- Sala ou carpa xunto a meta, con cadeiras e mesa, con toma eléctrica e impresora para imprimir, con papel e tinta para 20-30 follas.
- Cortiza con chinchetas ou taboleiro de anuncios onde publicar os resultados.
- Dúas bicicletas con casco, en bo estado e aptas para o trazado do circuito, a disposición do equipo arbitral.
- Carteis de último Km, inicio zona avituallamento 50 m antes e fin zona avituallamento 50 m despois, de entrada no Stop&Go e outro de anuncio Stop&Go a 25 m antes, cartel de fin zona de cambio de pads, todo tipo de sinais de perigo, perigo de caída, ter varios de perigo por se o equipo arbitral os quere por no percorrido previo a saída.
- 20 conos ou elementos de sinalización e un rolo de cinta de balizar, para montar os caixóns de saída e reforzar a sinalización, a disposición do equipo arbitral, así como unha ou varias persoas responsables da marcaxe e sinalización do circuito, con coñecemento do mesmo, e capacidade para resolver os requirimentos de sinalización e balizaxe, lles faga o equipo arbitral na visita previa o circuito as 8:00 AM do día da proba.
- A mesmas condicións para o equipo arbitral que a inscrición, bolsa de corredor/a, acceso a comidas eventos, etc, así como a comida de ese día de habela.

15.- Teranse en conta os seguintes criterios de asignación de probas:

- Organización de probas en anos anteriores sempre que as probas non tivesen erros graves de organización.
- Reparto territorial por todas as provincias galegas.
- Valoración da proposta deportiva e de actividades organizativas.

Vigo, 9 de novembro de 2023
A presidenta da FGM

Josefina Maestu Almeida



ANEXO 1: Solicitud de Competicións de Carreiras por Montaña (MARCHA NÓRDICA) da FGM para o ano 2024

Importante cumprimentar a solicitude con todos os datos

Indicar o que proceda: Proba de Copa Proba de campionato Homologar proba

Nome da proba:

Club organizador: CIF do club:

Data de celebración: Data alternativa:

Teléfono de contacto:

Enderezo postal do club completo con C.P. concello e provincia:

Páxina web se a teñen:

Enderezo electrónico:

Nome e apelidos da persoa que preside o club:

Nome da persoa que dirixe a proba:

Zona onde se desenvolverá a proba:

Poboación: Provincia:

Recordamos que é moi importante a presentación do DOSSIER TÉCNICO de como será a proba, detallando currículo deportivo, referencias, proposta de actividades paralelas a celebrar, o calquera outra consideración que se crea oportuno destacar na celebración de dita competición.